

Unidade

9



Nesta unidade

Lectura e comprensión

Un traballo para ser feliz

Léxico

A literatura. Os barbarismos

Exposición oral

A crítica literaria

Exposición escrita

A fábula

Gramática

O complemento directo

Ortografía

Palabras con «b» e «v»

Recursos

Introdución aos xéneros literarios

Antes de ler

Adrián, o protagonista da lectura, de sexa atopar un traballo que lle permita coñecer moita xente.

- ¿Por que cres que quere atopar un traballo así? Propón varias hipóteses.
- ¿A que che gustaría dedicarte de grande? ¿Por que?

Un traballo para ser feliz

Desde que comezara a traballar, a maior ilusión de Adrián era conseguir un emprego que lle permitise coñecer moitas persoas. «Cada persoa ten unha vida diferente, chea de historias que me encantaría descubrir», pensaba. «Historias tristes ou alegres, pero sempre tan fascinantes coma a mellor das novelas». Aínda que ben se decatara de que, por moitos anos que vivise, tan só podería compartir unha mínima parte de tantas vidas coas que se cruzaba cada día.

Habitaba nunha bufarda, na parte vella da cidade. Polo día, especialmente durante o tempo de verán, o apartamento era demasiado caloroso e resultaba incómodo estar alí. Mais todo quedaba compensado polas noites, cando se asomaba á gran fiestra e podía contemplar os milleiros de estrelas que brillaban na escuridade do ceo. Entón sentíase feliz por estar nun planeta que ofrecía marabillas así, e non acababa de entender como podía haber tantas persoas que vivían abafadas pola tristeza.

Adrián vivía só, non tivera sorte con ningunha das mozas coas que se relacionara. Dalgunha estivera namorado tolamemente, pero todas o acababan deixando aos poucos meses, quizais polo que Irene, a última da lista, chamara «a súa falta de ambición». Porque Adrián entendía a necesidade de gañar diñeiro, sen el a vida podía facerse moi difícil; pero non desexaba ter un coche tan grande que non coubese nas prazas de aparcamento, nin pasar as vacacións nalgún luxoso hotel no outro extremo do mundo, nin marchar da pequena bufarda na que se sentía tan a gusto. Chegáballe con gañar o necesario para poder vivir sen sufocos cada día.

Pasara xa por moitos empregos, na procura do ideal que tanto

arelaba: un traballo que lle permitise falar coa xente e compartir con ela a felicidade de vivir.

Durante un tempo intentara escribir relatos infantís.

Non se lle daba nada mal inventar historias,

e comprobara en moitas ocasións a

expresión de gozo dos seus

sobriños cando lles contaba

algún dos contos que el

creara. Pero escribir resultou

ser un oficio demasiado

solitario, moi afastado deses


lectores que desexaba ter.

Sentíase coma un náufrago

nunha illa deserta, lonxe da

vida que tanto lle gustaba.

desexar moito.



Ademais, cansara de ir polas editoriais ensinando os seus contos, pois sempre llos rexeitaban con argumentos que el non acababa de entender: «Son tristes», «son absurdos», «son irreais», «excesivamente longos», «demasiado curtos»...

Despois fixera de pallaso para animar festas infantís. Mercara unha furgoneta de segunda man, decoráraa coas cores máis alegres e puxera publicidade na prensa, onde se anunciaba co nome de «O Pallaso Cuco». Ao principio todo ía ben, pois tiña moitísimas chamadas, e case sempre se divertía el tanto como as nenas e nenos que o escoitaban. Mesmo chegou a crer que aquel podería ser o traballo da súa vida. Pero decidira abandonar tras unha **estorrecedora** festa de aniversario, na que acabou no fondo dunha piscina, atado de pés e mans por unha **turba** de nenos malcriados que decidiran animar a festa xogando a secuestrar pallasos. Horrible, horrible, aínda tremía cada vez que lembraba aquel día, no que salvara a vida grazas á intervención dunha grosa criada cubana, a única persoa da casa á que aqueles monstros parecían ter algún respecto. «¡Que os divirtan seus pais, que para iso os trouxeron a este mundo», concluíra Adrián cando decidiu abandonar definitivamente un traballo tan perigoso.

Semanas despois, por probar, aceptou un posto de empregado nunha confeitaría. Lembraba con entusiasmo o libro que máis lle gustara de neno, *Charlie e a fábrica de chocolate*, e, ademais, sabía das moitas virtudes do chocolate para facer feliz a xente. Despachar bombóns e chokolatinas, ver os ollos de alegría de tantas nenas e nenos que pasarían por alí, podía ser unha experiencia moi grata.

Pero estaba equivocado. Naquela tenda case non entraban nenos, só persoas maiores que encargaban caixas de bombóns sen apenas miralos, co mesmo aire aburrido que se mercasen un frasco de xampú.

Agustín Fernández Paz,
O Raio Veloz, Ed. Planeta&Oxford

estorrecedor: que provoca moito medo.
turba: multitude.




Comprensión

1 Responde estas cuestións sobre a lectura.

- ¿Cal era a maior ilusión de Adrián relacionada co traballo? ¿Por que?
- ¿Onde vivía Adrián?
- ¿Como era a súa casa de día? ¿E pola noite?
- ¿Vivía con alguén? ¿Por que?
- ¿Por que razón fracasaban as súas relacións coas mozas?
- ¿Que cousas materiais non desexaba Adrián?
- ¿Para que consideraba necesario o diñeiro?

2 Completa un esquema coma este sobre os traballos de Adrián.



Reflexiona

3 Selecciona varios adxectivos que definan o carácter de Adrián.

iluso ambicioso extravertido

idealista triste feliz tímido

decepcionado nada ambicioso realista

— Engade ti outros adxectivos que lle cadren ben.

— Razoa a túa resposta a partir da lectura.

4 ¿Que cres que debería fecer Adrián para que as cousas lle fosen mellor na vida?



A literatura

5 Descubre nomes relacionados coa literatura. Como pista dámosche as consoantes.

n _ v _ l _

_ str _ f _

v _ rs _

_ scr _ t _ r

n _ rr _ d _ r

p _ _ t _

t _ _ tr _

c _ nt _

f _ b _ l _

p _ _ m _

l _ nd _

dr _ m _ t _ rg _

6 Relaciona cada palabra anterior coa súa definición. Usa o dicionario se o precisas.


- Persoa que se dedica a escribir obras de teatro:
- Persoa que escribe, especialmente obras literarias:
- Edificio que está destinado á representación de obras dramáticas ou musicais:
- Narración, oral ou escrita, de relativa aparencia histórica, pero cunha proporción, máis ou menos alta, de elementos imaxinarios que está, xeralmente, relacionada cunha persoa ou cun grupo de homes, cun monumento, un lugar ou un territorio:
- Narración de feitos fantásticos e aventuras que se contan de maneira oral, para entreter, ou por escrito, como un relato literario breve:
- Cada unha das liñas dun poema:
- Relato breve de ficción, en verso ou en prosa, xeralmente con animais como personaxes, do que se tira unha ensinanza moral:
- Persoa que escribe poesía:
- Persoa ou personaxe que conta a historia nunha obra narrativa:
- Composición literaria, xeralmente en verso, que pode ser bastante extensa ou breve:
- Obra de ficción en prosa, de certa extensión, na que se presentan uns personaxes nun medio e se dan a coñecer as súas aventuras:
- Cada unha das divisións dun poema, formadas por un número determinado de versos, cunha disposición determinada de metros e de rimas:

7 Inventa unha oración con cada unha das palabras anteriores.



Os barbarismos

Os **barbarismos** son palabras tomadas doutras linguas. Estas palabras sonnos innecesarias, pois nós xa temos palabras galegas para designar ese elemento ou concepto. Polo tanto, os barbarismos son incorrectos e debemos empregar no seu lugar as palabras galegas.



Barbarismo «**clown**»

Palabra galega «**pallaso**»



Un **barbarismo** é unha palabra tomada doutra lingua. Esta palabra resulta innecesaria porque en galego xa temos outra palabra para designar ese elemento ou concepto. Polo tanto, cómpre evitar o uso de barbarismos.

1 Relaciona no teu caderno estes barbarismos coa palabra galega correspondente.

Barbarismo

hall
spot
handicap
show
jeans
basquet
bacon

Palabra galega

anuncio publicitario
obstáculo
vestíbulo
espectáculo musical
touciño entrefebrado
espectáculo musical
baloncesto

— Inventa unha oración con cada unha das palabras galegas.

2 Busca nesta sopa de letras as palabras galegas correspondentes a estes barbarismos procedentes do castelán.

escoba - grifo - abuelo - cuchara - cuchillo
tenedor - estuche - tiza

v	e	r	o	l	e	t	i	o	c
a	v	o	q	b	i	l	l	a	h
s	e	s	f	x	i	z	m	p	o
o	n	i	p	r	e	l	l	u	c
i	t	f	t	p	r	r	l	g	p
r	a	b	g	a	r	f	o	r	r
a	o	e	s	t	o	x	o	f	p



A crítica literaria

Unha **crítica literaria** é unha opinión razoada sobre unha obra literaria: unha novela, un conto, un poema...

8 Le esta crítica literaria da novela *¿Queres se-lo mozo da miña irmá?*

O libro *¿Queres se-lo mozo da miña irmá?* encantoume. Sentínme moi identificada coa protagonista, Alicia, pois eu tamén teño unha irmá máis vella coa que agora me levo moi ben, pero houbo un tempo en que non a entendía. Tamén me pareceu moi divertido, sobre todo, as cousas que fai Alicia para lle buscar mozo á súa irmá. Creo que algunhas delas foron un pouco esaxeradas, de mal gusto e mesmo perigosas: por exemplo, facer a fotocopia da foto da irmá, poñer o seu teléfono nela para que a visen os mozos...

O que menos me gustou foi o final, porque non entendín moi ben que lle pasaba a Alicia: por exemplo, xa non quería estar co Cenoria que sempre fora o seu mellor amigo. Durante todo o libro fora unha rapaza moi simpática e divertida e, de súpeto, volveuse coma súa irmá Sonia.



— Analiza a crítica anterior respondendo estas cuestións:

- ¿Que lle pareceu o libro á persoa que fixo a crítica?
- ¿Que foi o que máis lle gustou? ¿Por que? ¿Que expresións emprega para dicilo?
- ¿Que foi o que menos lle gustou? ¿Por que? ¿Que expresións usa para dicilo?

— Pon en común as túas respostas co resto da clase.

9 Elabora unha crítica literaria do último libro ou conto que leses.

— Escribe o argumento, é dicir, de que trata o libro ou o conto.

— Elabora a crítica.

- Non esquezas razoar as túas opinións.
- Emprega expresións coma estas.

- Gustoume moito, porque...
- Encantoume, pois...
- O que máis me gustou...

- O que menos me gustou...
- Non me gustou demasiado, xa que...
- Non me gustou nada, porque...

A fábula

Unha **fábula** é un relato breve de ficción xeralmente con animais como personaxes, do que se tira unha ensinanza moral.

— Le con atención esta fábula.

O cervo, o manancial e o león

Un día, un cervo, morto coa sede, chegou a un manancial. Despois de beber, viu o seu reflexo na auga. Ao contemplar a súa fermosa cornamenta, sentiuse orgulloso, pero quedou descontento polas súas pernas débiles e finas. Sumido aínda nestes pensamentos, apareceu un león que comezou a perseguilo. O cervo botou a correr e gañoulle unha gran distancia, pois a forza dos cervos está nas súas pernas e a do león, no seu corazón.

En campo aberto, o cervo foi quen de gardar a distancia que o salvaba; pero, ao entrar no bosque, os cornos engancháronlle nas ramas e, ao non poder escapar, o león atrapouno. A piques de morrer, o cervo exclamou para si:

—¡Desgraciado! Os meus pés, que me parecía que me traizoaban, eran os que me salvaban, e os meus cornos, nos que poñía toda a miña confianza, son os que me perden.

Moitas veces, os que cremos máis indiferentes son os que nos dan a man nos momentos difíciles, mentres que os que nos adulan, nin sequera asoman.



— Localiza as partes da fábula e completa un cadro coma este.

INTRODUCCIÓN	NÓ	DESENLACE	ENSINANZA MORAL
.....			

— Responde estas cuestións sobre a fábula anterior.

- ¿Quen son os personaxes da fábula?
- ¿Que historia nos conta?
- ¿Que ensinanza moral se pode extraer da fábula?

— Propón outro título para a fábula anterior.



A **fábula** é a narración duns feitos protagonizados por animais, dos que se pode extraer unha ensinanza moral.

1 Le estas dúas fábulas.**A**

Farta de cebada, unha mula púxose a saltar, dicíndose a si mesma:

—O meu pai é un cabalo veloz na estrada, e eu parézome en todo a el.

Pero chegou a ocasión en que a mula se viu obrigada a correr. Ao rematar a carreira, moi contrariada, acordouse de súpeto do seu verdadeiro pai: o burro.

B

Subido no alto dun carballo, un reiseñor cantaba coma de costume. Viuno un gabián famento, lanzouse inmediatamente sobre el e pillouno coas poutas.

Seguro da súa próxima morte, o reiseñor pregoulle que o soltase, dicíndolle que só con el non ía dar enchido a barriga e que, se de verdade tiña fame, debería ir pillar outras presas máis grandes. O gabián respondeulle:

—Ben parvo sería se te escoitase e deixase escapar a presa que teño, por ir buscar a que nin sequera vin.

- Invéntalle un título a cada unha das fábulas anteriores.
- Asocia cada unha destas ensinanzas morais coa fábula correspondente.

Non deixemos os bens que xa temos, por ilusións que nin sequera divisamos.

Sempre debemos recoñecer as nosas raíces, respectando as nosas herdanzas e as alleas.

2 Inventa unha fábula. Sigue estas pautas.

- Elixes dous destes animais. Eles serán os protagonistas da túa fábula.

Un raposo e unha galiña

Un león e unha ceбра

Unha serpe e un coello

Un elefante e un sapo

Unha tartaruga e unha lebre

Unha formiga e un merlo

- Pensa que historia van protagonizar eses animais.
- Lembra que da súa historia hai que extraer algunha ensinanza moral.
- Organiza a historia en introdución, nó, desenlace e ensinanza moral.
- Con todo o anterior, redacta a fábula.
- Le a fábula e corrixe todo o que estea mal ou que non te convenza.




O complemento directo (CD)

Lembra que o predicado verbal era aquel que tiña como núcleo calquera verbo que non fose *ser*, *estar*, *parecer* ou *semellar*.

Pois ben, o predicado verbal pode ter, ademais do núcleo, un ou varios complementos: *complemento directo* (CD), *complemento indirecto* (CI), *complemento circunstancial* (CC)...

Nesta unidade veremos o **complemento directo (CD)**, mentres que os demais complementos ímolos estudar nas unidades seguintes.



Para recoñecermos o CD podemos botar man de dúas probas:

1. Substituír o CD polos pronomes persoais:

- **O, a, os, as**, se o verbo remata en **vogal** (que non forme parte de ditongo) ou en **consoante** que non sexa **-s** ou **-r**.

O neno le un libro.

CD

O neno leo.

CD

- **No, na, nos, nas**, se o verbo remata en **ditongo**.

O neno leu un libro.

CD

O neno leuno.

CD

- **Lo, la, los, las**, se o verbo remata en **-s** ou **-r**.

Ti les un libro.

CD

Ti lelo.



CD



de viaxe pola



1. Preguntarlle ao verbo **¿Que?** ou **¿A quen?** (se o CD é unha persoa).



1 Copia estas oracións e subliña o CD.

- O can roe un óso.
- Miña nai contou un conto.
- Mariña peitea o cabelo.
- Ti comiches sardiñas.
- Eu escribín un poema.
- Ti vendes flores.
- Eva rompeu un vaso.

— Fai as dúas probas que acabamos de ver para comprobar se subliñaches correctamente o CD. Fíxate no exemplo.

1.^a proba:

O can roe un óso. → O can róeo.
CD CD

2.^a proba:

¿Que roe? → **Un óso (CD)**

2 Inventa dous CD para cada caso.

O galo come

Henrique limpa

O xardineiro plantou

Luísa escribiu

O mecánico arranxou

O coello viu




Palabras con «b» e «v»

— Fíxate como se escriben estas palabras.



bolboreta



abelá



trevo



gravata

— Completa no teu caderno:

- As palabras e escríbense con
- As palabras e escríbense con

1 Busca o significado destas palabras no dicionario e anótao.

rabó - ravo

bago - vago

berro - verro

bacá - vaca

— Completa estas oracións coas palabras anteriores que cadren.

- A Roi non lle gusta traballar; é moi
- Non che estou pedindo un acio de uvas, só un
- Botoulle un
- As verduras que menos me gustan son o e o
- As bicicletas ía na do coche.

2 Completa estas palabras no caderno con:

b

v

.....erniz	asoira	gara.....anzo
ga.....ián	oda	mó.....il
gra.....ar	pa.....illón	ulto
.....arrer	mara.....illa	go.....erno
po.....o	aleiro	re.....entar
ri.....eira	es.....elto	automó.....il

— Comproba no dicionario se as completaches correctamente.

3 Escribe as palabras correspondentes a estas definición. ¡Ollo co «b» e o «v»!

- Pai do noso avó:
- Persoa que estudou leis:


Introdución aos xéneros literarios

Non todos os textos teñen o mesmo obxectivo: algúns, como a noticia, cóntannos algún feito; outros explícanos como se fai algunha cousa, como os textos instrutivos... Son textos **non-literarios**.

En cambio, hai textos que teñen como finalidade a expresión da beleza mediante as palabras. Utilizan recursos lingüísticos para expresar sentimentos e emocións e para facer gozar o lector coa lectura. Son os textos **literarios**.

O Sol é a estrela arredor da que xiran os planetas do Sistema Solar.

Texto non-literario



O sol chámase Lourenzo
e é un señor moi finchado
que está no alto do ceo
todo o día rebrillando.

Manuel María

Texto literario

Tres das formas ou **xéneros literarios** que empregan os autores para escribir as súas obras literarias son:

- **Poesía:** adoita empregar o verso e expresa fundamentalmente sentimentos e emocións.
- **Narrativa:** explica historias reais ou imaxinarias que lles suceden a uns personaxes nun lugar e nun tempo determinados. Emprega a prosa.
- **Teatro:** desenvolve unha historia a través do diálogo dos personaxes e está destinado a ser representado ante o público.

— Le estes textos e di a que xénero pertence cada un deles. Razona a túa resposta.

A

Eu teño un cabalo branco
que galopa polas lendas
e cabalga entre os teus dedos
e que foxe polas sendas.

Cando o chamo, non me escoita,
lisca lene canda o vento
polo verde dos teus ollos,
polas nubes do teu ceo.

Para que me traia un bico
teño que dicirle ao vento,
que quero un bico de cores
prometido hai xa ben tempo.

Jordi Sierra i Fabra e Antonio García Teijeiro,
Contos e poemas para un mes calquera,
Ed. Planeta&Oxford

B

Cando naceu o cabalo branco toda a manda
quedou moi sorprendida.

O cabalo branco era fillo dunha egua torda e
un alazán negro acibeche. En toda a partida non
había nin tan só un cabalo máis claro cás augas
do Gran Río, que baixaban sempre entre tin-
tas e escuras polo lodo das montañas de ferro
situadas ao norte. Ningunha daquelas bestas
soubo explicarse tal fenómeno.

O cabalo branco medrou só, afastado da man-
da, discriminándose el mesmo tanto como
puidesen facelo os seus conxéneros.

Jordi Sierra i Fabra e Antonio García Teijeiro,
Contos e poemas para un mes calquera,
Ed. Planeta&Oxford

Para acabar

1 Le con atención este texto.


Certo día un home capturou unha aguia, cortoulle as ás e soltouna no curral xunto con todas as súas galiñas. Apesarada, a aguia, que fora poderosa, baixaba a cabeza e pasaba sen comer: sentíase coma unha raíña encarcerada.

Pasou outro home que a viu, gustoulle e decidiu comprala. Arrincoulle as plumas cortadas e deixoullas medrar de novo. De novo coas ás, a aguia alzou o voo e pillou unha lebre para levarlla en agradecemento ao seu liberador.

Viuna unha raposa e maliciosamente aconsellábaa mal dicíndolle:

—Non lle leves a lebre ao que te liberou, senón ao que te capturou; pois o que te liberou xa é bo sen máis estímulo. Procura máis ben abrandar o outro, non te vaia atrapar de novo e arrincarche completamente as ás.

Sempre corresponde xenerosamente aos teus benfeitores e, por prudencia, mantente afastado dos malvados que te incitan a facer o incorrecto.



2 ¿Que tipo de texto é o anterior?

3 Localiza as catro partes do texto anterior.

4 Responde estas preguntas sobre o texto anterior.

- ¿Quen son os protagonistas?
- ¿Que conta a historia?
- ¿Que ensinanza moral se extrae da historia?

5 Propón un título para o texto anterior.

6 Localiza no texto as palabras galegas correspondentes a estes barbarismos.

águila

zorra

reina

vuelo

7 Identifica o CD nestas oracións. Fai as dúas probas que vimos na unidade.

- Un home capturou unha aguia.
- Outro home comprou a aguia.
- A raposa aconsellou a aguia.

8 ¿A que xénero literario pertence o texto anterior? Razoa a túa resposta.

Para repasar Unidades 7 á 9

Léxico

- 1** Escribe a palabra da que proceden cada un destes préstamos léxicos.

pizza - violín - bocadillo - tortilla - chocolate
esquí - marmota - smóking - club

- 2** Relaciona estes neoloxismos co seu significado.

cronómetro - estetoscopio - telescopio
fotocopiadora - microscopio - bolígrafo

- Reloxo de alta precisión que se emprega para medir intervalos de tempo moi pequenos.
- Instrumento que usan os médicos, formado por unha campá e unha membrana que se aplica sobre a zona que se quere explorar.
- Instrumento óptico que se usa para observar obxectos afastados.
- Instrumento manual que se emprega para escribir.
- Instrumento que permite observar obxectos de pequeno tamaño.
- Máquina para facer fotocopias.

- 3** Escribe a palabra galega correspondente a estes barbarismos.

- | | | |
|---------|-----------|------------|
| • hall | • escoba | • hándicap |
| • jeans | • grifo | • cuchara |
| • bacon | • tenedor | • basquet |

— Completa estas oracións coas palabras galegas anteriores que cadren ben.

- Cerra o e colle a para varrerres o chan.
- O e a están sucios.
- Non me gusta o; ten demasiada graxa.

Expresión escrita

- 4** Inventa unha lenda sobre a orixe dun lago, unha montaña... próxima á túa localidade.

— Inclúe elementos reais e imaxinarios.

— Estrutúraa en introdución, nó e desenlace.

- 5** Separa estas dúas fábulas mesturadas.

Unha raposa famenta atopou no tronco dunha aciñeira uns anacos de carne e de pan que uns pastores deixaran agochados nunha cavidade. Un mosquito achegouse a un león e díxolle: Entrou na devandita cavidade, e coméullelos todos.

—Non che teño medo, e ademais, non es máis forte ca min. Pero tanto comeu que lle inchou a barriga e non puido saír. Se cres o contrario, demostramo. ¿Que rabuñas coas túas poutas e mordes cos teus dentes? ¡Iso faino calquera! Empezou a xemer e a lamentarse do problema en que caera. Eu son máis forte ca ti, e se queres, agora mesmo te desafío a combate.

Por casualidade pasou por alí outra raposa, e oíndo os seus laios achegóuselle e preguntoulle que lle acontecía. E facendo soar o seu zunido, caeu o mosquito sobre o león, e picoulle varias veces arredor do nariz, onde non ten pelo. O león empezou a rabuñarse coas súas propias poutas, ata que renunciou ao combate. Cando se decatou do acaecido, díxolle:

—¡Pois queda tranquila ata que volvas ter a forma de antes, entón de seguro poderás saír doadamente e sen problema! O mosquito vitorioso fixo soar de novo o seu zunido; e sen darse conta, de tanta alegría, foise enredar nunha tea de araña.

Ao tempo que era devorado pola araña, lamentábase de que el, que loitaba contra os máis poderosos vencéndoos, fose perecer nas mans dun insignificante animal, a araña.

Con paciencia resólvense moitas dificultades.

Non importa que grandes sexan os éxitos na túa vida, coida sempre que a felicidade por obter un deles non o arruíne todo.

Para repasar Unidades 7 á 9

Gramática

6 Separa o suxeito e o predicado destas oracións no teu caderno.

- Ela sempre escribe con ordenador.
- As rapazas de sexto xogaban á mariola no patio.
- O avión despegou cara a Costa Rica.
- Os médicos dunha Organización non-gobernamental axudaban aos máis necesitados.

7 Extrae, desta listaxe de verbos, os que sexan copulativos.

correr - saltar - semellar - crer - ser - ter
coller - estar - calmar - estirar - parecer

8 Clasifica os predicados destas oracións segundo sexan nominais ou verbais.

- Carme é miña madriña.
- Dóelle a barriga.
- O dentista púxome un aparello de dentes.
- Olga está moi esgotada.
- A figura de cera do museo parece real.

9 Sinala o atributo destas oracións e di se é un substantivo, un adxectivo ou un complemento con preposición.

- Solange é francesa.
- Sara é de Lisboa.
- Marte e Xúpiter son planetas.
- A actriz de teatro parece nerviosa.
- Meus pais son gandeiros.

10 Subliña o complemento directo destas oracións.

- Nós comemos un anaco de torta.
- O mestre aclarounos as dúbidas.
- Sempre fas todos os deberes.
- Elías canta cancións de rock.
- O camareiro atende as mesas.

Ortografía

11 Inventa unha oración para cada un destes usos do punto e coma e dos puntos suspensivos.

Usos do punto e coma

1. Para separar enunciados longos, sobre todo, cando xa se usou a coma.
2. Antes das expresións *non obstante*, *así e todo*, *con todo*...

Usos dos puntos suspensivos

1. Para indicar que se deixan de indicar elementos parecidos nunha enumeración.
2. Para indicar sorpresa, misterio ou suspense.

12 Completa estas palabras con...

b		v
re.....entar	mó.....il	oda
ri.....eira	mara.....illa	a.....ogado
.....asoira	pa.....illón	ga.....ián
.....arrer	gara.....anzo	aleiro

Pon en práctica

Pon as comas e os dous puntos onde sexa preciso.

Estimado Estevo

¡Canto tempo sen verte! Sempre lle estou a dicir a teu irmán «Xoán ¿que me contas de Estevo?». El sempre me fala das túas últimas actividades sendeirismo piragüismo fútbol squash... Seguro que estás moi en forma.

A ver cando me vés ver. Non sabes que ganiñas teño de estarmos unha tarde enteira a falar dos vellos tempos.